Asinado dixitalmente por:
REXISTRO ELECTRÓNICO
Data: 28/01/2022 10:03:59
Razón: Rexistro electrónico
Localización: Parlamento de Galicia

PARLAMENTO DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

XI lexislatura
Serie Deputación Permanente
Número 3

Sesión da Deputación Permanente
25 de agosto de 2021

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

ORDE DO DÍA

Punto único: Solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego de celebración urxente dunha reunión da Deputación Permanente para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que invalidan a orde da Xunta de Galicia que obriga á presentación dos certificados covid para acceder aos establecementos de hostalaría (doc. núm. 20001; 11/SCDP-000006).

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

SUMARIO

Ábrese a sesión ás doce e dous minutos do mediodía.

O señor presidente abre a sesión da Deputación Permanente e prégalle á señora secretaria (Prado Cores) que proceda á comprobación da asistencia. (Páx. 4.)

A señora secretaria (Prado Cores) comproba a presenza dos membros da Deputación Permanente e, se é o caso, das substitucións producidas. (Páx. 4.)

Logo de verificada a existencia de quórum, o señor presidente comeza co desenvolvemento da orde do día, que consta dun punto único. (Páx. 4.)

Solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que invalidan a orde da Xunta de Galicia que obriga á presentación dos certificados covid para acceder aos establecementos da hostalaría

O señor presidente explica a ordenación do debate. (Páx. 4.)

Rolda do grupo parlamentario propoñente: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 5.)
Rolda dos grupos parlamentarios non propoñentes: *Sr. Caballero Miguez (S)* (Páx. 8.) *e Sr. Puy Fraga (P).* (Páx. 11.)

Rolda de peche do grupo parlamentario propoñente: *Sr. Bará Torres (BNG).* (Páx. 14.)

Rematado o debate, o señor presidente somete á votación a solicitude incluída na orde do día. (Páx. 16.)

Votación da solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que invalidan a orde da Xunta de Galicia que obriga á presentación dos certificados covid para acceder aos establecementos de hostalaría: *rexeitada por 10 votos a favor, 13 votos en contra e ningunha abstención.* (Páx. 16.)

Remata a sesión ás doce e corenta e seis minutos do mediodía.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Ábrese a sesión ás doce e dous minutos do mediodía.

O señor PRESIDENTE: Bos días.

Imos dar comezo á sesión da Deputación Permanente. *(Prodúcese unha breve interrupción por problemas técnicos de megafonía na sala.)*

Prégolle á secretaria, á señora Prado, que comprobe a asistencia.

A señora SECRETARIA (Prado Cores): Moi bo día.

Pablo Arangüena Fernández: Si.
Xosé Luís Bará Torres: Si.
Gonzalo Caballero Miguez: Si.
Francisco José Conde López *(Substituído por José Manuel Balseiro Orol).*
María Sol Díaz Mouteira: Si.
Manuel Antonio Lourenzo Sobral: Si.
Alberto Núñez Feijóo *(Substituído por José Alberto Pazos Couñago).*
Marina Ortega Otero: Si.
Patricia Otero Rodríguez: Si.
Ana Pontón Mondelo *(Substituída por Paulo Ríos Santomé).*
María Corina Porro Martínez: Si.
Paula Prado del Río: Si.
Noa Presas Bergantiños: Si.
Pedro Puy Fraga: Si.
José Manuel Rey Varela *(Substituído por Marta María Rodríguez-Vispo Rodríguez).*
Olalla Rodil Fernández *(Substituída por Iago Tabarés Pérez-Piñeiro).*
Alfonso Rueda Valenzuela *(Substituído por Teresa Egerique Mosquera).*
Miguel Ángel Tellado Filgueira: Si.
María Ángeles Vázquez Mejuto *(Substituída por Borja Verea Fraiz).*
María Elena Candia López: Si.

Estando presentes o presidente, Miguel Ángel Santalices Vieira, o vicepresidente, Diego Calvo Pouso, e a secretaria, Montserrat Prado Cores, hai quórum.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señora secretaria.

Hai un punto único.

Solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que invalidan a orde da Xunta de Galicia que obriga á presentación dos certificados covid para acceder aos establecementos da hostalaría

O señor PRESIDENTE: A ordenación do debate será, primeiro, unha rolda do grupo parlamentario propoñente por un tempo de dez minutos; logo unha rolda dos grupos parlamentarios para fixar a posición, e tamén por un tempo de dez minutos; e finalmente unha rolda de peche do grupo propoñente por un tempo de cinco minutos.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Comeza, polo tanto, o debate. Polo grupo propoñente, o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra o señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Moi bo día.

O Grupo do BNG solicitou a convocatoria urxente deste órgano para acordar a comparecencia do presidente da Xunta en pleno extraordinario. Pensamos que está plenamente xustificada, e é obrigada e necesaria logo da publicación dos autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que deixan en moi mal lugar a actuación do Goberno galego.

E en primeiro lugar, e antes de entrar en materia, queremos manifestar a nosa queixa pola tardanza na convocatoria desta Deputación Permanente, que ten lugar doce días despois da petición. É un retraso que ao noso modo de ver pon de manifesto un xeito de proceder habitual, que é a supeditación do funcionamento do Parlamento aos intereses do Goberno do Partido Popular e a utilización da maioría absolutista do Partido Popular como parapeto da Xunta de Galiza.

Logo desta queixa, imos ao fondo da cuestión.

A petición de convocatoria do pleno extraordinario e a comparecencia do señor Feixóo estaba plenamente xustificada no momento en que fixemos a petición, o día 13 de agosto. E estao máis, moito máis, neste momento, despois de todo o que pasou ao longo destes doce días —sobre todo, despois do auto do Tribunal Superior de Xustiza do 20 de agosto—.

Quixera tamén neste inicio lembrar que seguimos no medio dunha grave crise sanitaria, que ten devastadoras consecuencias na saúde e tamén sociais e económicas; unha crise que, malia certas mensaxes triunfalistas e a pesar dos indubidábeis avances da campaña de vacinación —que son moi positivos, desde logo—, non está superada, polo que é necesario facer un novo chamamento á prudencia e á responsabilidade. É unha cautela, unha prudencia e unha responsabilidade que nos obrigan a todas as persoas, e especialmente aos gobernos.

O Parlamento, como institución, non pode tampouco ser alleo a esta crise e non pode permanecer pechado cando se producen feitos de extrema gravidade, como os derivados desa escandalosa xestión —non se pode chamar doutra maneira— do certificado covid por parte da Xunta de Galiza e de todas as consecuencias que tivo.

Estamos a falar dunha actuación chafalleira do Goberno da Xunta, dun fiasco e dunha chapuza tanto desde o punto de vista administrativo como xurídico; dunha actuación baseada, ademais, na ocultación, na mentira e no engano, un engano en xeral á cidadanía e tamén un engano ao Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, que é certo que tamén se bambeou —todo hai que dicilo— no auto do 6 de agosto dando por feito o de que se tramitara a petición de autorización da Orde do 22 de xullo. E a Xunta calou en todo este tempo, o que é autenticamente escandaloso.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Tamén calou a Xunta cando os medios de comunicación, ao longo do mes de agosto, daban por feito que esa orde tiña o aval do Tribunal Superior de Xustiza. Falábase de que Galiza era a única comunidade onde se aprobara esta utilización do pasaporte covid na hostalería.

E ademais estamos a falar dunha aberración xurídica que levou á vulneración de dereitos fundamentais e ao establecemento durante case tres semanas dunha medida ilegal. Ademais —como se demostrou posteriormente— tamén foi ineficaz.

En definitiva, estamos a falar dun xeito de proceder abusivo, que pon de manifesto tics autoritarios, tanto na relación co poder xudicial como na relación co sector da hostalería, sometido sistematicamente a unha especie de chantaxe co de «ou este tipo de medidas ou, se non, o peche». E isto pensamos que tampouco é admisible.

E se era evidente a necesidade de convocatoria dun pleno extraordinario e da comparecencia do señor Feixóo á altura do 12 de agosto, agora, como dixen, éo moito máis logo dese carrusel de medidas —que podemos denominar como disparatadas, erráticas, improvisadas e arbitrarias— que foi adoptando o Goberno galego despois do día 13, cambiando sistemática e constantemente as determinacións que debían cumprir os concellos e os establecementos de hostalería, e comportándose coma un polo sen cabeza. Porque ao longo dunha semana cambiou ata tres veces esas directrices —sen mediar, polo menos, ningunha reunión do comité clínico— e mesmo se chegou a cambiar a situación dun concello, ao día seguinte de que saíse publicado no DOG, por unha decisión unilateral do conselleiro de Sanidade, cousa que é absolutamente inadmisible; e, desde logo, tamén despois do demoledor auto do 20 de agosto, que lle saca as cores ao Goberno galego e que vén dicir que a medida de exixencia do pasaporte covid non era nin idónea nin necesaria, e ademais algo moi grave: que demonizaba a hostalería.

Por todas estas razóns é necesaria a comparecencia no Parlamento do presidente da Xunta de Galiza para dar explicacións, para dar a cara, para deixar de esconderse. E é no Parlamento onde hai que comparecer, non no telexornal, non nos platós de televisión. Temos que dicir e lamentar que o señor Feixóo si que se preocupou de comparecer en Telecinco o día 13 de agosto, despois dese auto do Tribunal Superior, para xustificar a actuación do Goberno, pero non neste Parlamento aínda a estas alturas —porque puido pedir comparecer neste Parlamento—.

E tamén queremos dicir que a estas alturas non é suficiente con dar explicacións pola extrema gravidade do acontecido. O BNG exixe responsabilidades ao máis alto nivel ou ben destitucións ou dimisións das persoas responsábeis desta chapuza legal e deste atropelo de dereitos. Porque o acontecido ao longo destas semanas é demoledor, demoledor para a Xunta do Partido Popular. É unha auténtica emenda á totalidade ao *modus operandi* do señor Feixóo, que consiste na substitución da acción do Goberno polo *marketing* político, por medidas propagandísticas e de cara á galería. Hai unha especie de obsesión por algo que lle chaman «ser pioneiros», ser os primeiros que fan unha cousa, que toman unha medida que é un gran descubrimento, e que despois cae, como vimos, polo seu propio peso e pola súa propia ilegalidade. É dicir, hai medidas propagandísticas, de cara á galería, e sobre todo tamén unha pertinaz maneira de botarlles a culpa aos demais, sen asumir as responsabilidades e os erros —que os houbo e moitos, e hai que asumilos—.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

E ademais, como dixen, deixou ao descuberto esa campaña de demonización e discriminación da hostalería, que foi sistematicamente sinalada como chivo expiatorio e cabeza de turco desta crise, culpable de todos os males, dos contaxios. Cando é máis ben ao revés, cando, como din os representantes ou algúns representantes do sector da hostalería, eles teñen que ser parte da solución e non parte do problema.

E por isto, para o BNG son obrigadas, imprescindíbeis, inadiábeis, as explicacións en sede parlamentaria e a depuración de responsabilidades. Pensamos que isto é absolutamente necesario e obrigado, mais o Parlamento ten que ser tamén a oportunidade para o debate, para o diálogo e para a formulación de propostas, e máis cando estamos, como dixen, nunha gravísima crise sanitaria que aínda non rematou, xa que estamos vivindo as consecuencias desta chamada quinta, con graves afeccións en todos os ámbitos. E, polo tanto, unha grave crise sanitaria coma esta require un grande esforzo colectivo, require responsabilidade e tamén altura de miras. E exixe coñecer os erros, recoñecelos —non pasa nada, é san, é bo recoñecer os erros—, e tamén corrixilos —sobre todo, os que se veñen reiterando ao longo destes cincocentos días de pandemia—.

E o BNG pide o pleno extraordinario tamén para isto, non só para a crítica, que é algo absolutamente lexítimo e necesario nun sistema democrático, e que temos a obriga de facer como oposición. E tamén o é para o debate e para a presentación de propostas en ámbitos fundamentais.

E quixera referirme aquí a dúas propostas no ámbito sanitario —pero de verdade, estruturais, non medidas placebo—, que pasan ao noso entender polo reforzo da sanidade pública, e especialmente da atención primaria, que, como é sabido e como acabou por recoñecer o propio conselleiro de Sanidade, está baixo mínimos —existe un clamor social por esta situación— e co persoal exhausto —sobre todo en atención primaria—, reducido, ademais, polas vacacións de verán. E por iso reiteramos a nosa proposta dun plan de choque para o reforzo da atención primaria dotado con 200 millóns de euros. Ao mesmo tempo tamén consideramos imprescindible e necesario un plan de detección, seguimento e rastrexo dos contaxios, que é outra das grandes eivas, das grandes carencias e debilidades da actuación do Goberno galego. Por iso nos vén agora a estas alturas, no mes de agosto do 2021, coa contratación dunha empresa para facer o rastrexo logo de dezasete meses de pandemia.

E tamén hai propostas que queremos trasladar sobre o ámbito económico; sobre todo, en relación coa hostalería, que leva eses cincocentos días de sacrificios. Por iso propoñemos que se cree unha mesa de diálogo estábel e plural na que teña participación todo o sector, non só unha parte. Non se pode consultar só unha parte. É un plan de indemnizacións e de compensacións polos peches e restricións que foron obrigados polos gobernos.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: Remato, señor presidente. Remato coa reclamación e coa exixencia de convocatoria deste pleno extraordinario para que o Goberno do Partido Popular rectifique, para que o señor Feixóo dea a cara no Parlamento, para que asuma os erros, para que pida desculpas e para que asuma as responsabilidades.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Moitas grazas.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Rolda de grupos parlamentarios non propoñentes. Polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Caballero.

O señor CABALLERO MIGUEZ: Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, seguimos loitando entre todos contra unha pandemia que estamos conseguindo superar na medida en que a vacina é a mellor garantía. Pero os riscos están presentes e necesitamos dar resposta a esta pandemia fortalecendo a sanidade pública e tomando todas as medidas para unha desescalada con seguridade xurídica que permita afrontar a reactivación con estabilidade, con garantías; en definitiva, dentro do Estado de dereito e respectando os dereitos e liberdades de todos e de todas.

E é evidente que ao longo destas semanas de verán se evidenciou unha sucesión de erros, de ilegalidades e de falla de compromiso na sanidade pública que obriga a que o Goberno de Galicia teña que deixar de estar de vacacións para poñerse a xestionar, a gobernar o país e a fortalecer a sanidade pública e a desescalada. E é por iso que necesitamos un Goberno da Xunta que estea presente, porque ao longo dos últimos meses nos atopamos con que tiveron que ser os tribunais os que freasen un Goberno da Xunta de Galicia que tomaba medias contra o marco constitucional e tamén contra o marco lexislativo. E houbo que recuar nunha lei de saúde que freou o Tribunal Constitucional. O Partido Popular tivo que frear no conflito das vacinas —incluso o conselleiro ao ter que rectificar as súas propias verbas—.

Hoxe o 80 % dos galegos e das galegas estamos xa polo menos cunha dose de inoculación fronte ao virus. E esa é a mellor garantía, cunha estratexia marcada polo Goberno de España a carón da Unión Europea, a carón da sanidade pública, a carón da ciencia fronte a aqueles que dicían —como o presidente da Xunta en outubro do ano pasado— que non habería vacinación ata o segundo trimestre deste ano, cando xa máis do 50 % dos galegos e galegas tiñamos xa unha vacinación ou as dúas doses.

E é por riso que tamén, cando colapsou o sistema de autocitas na *web*, ou cando agora o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia fai recuar as medidas do Goberno do PP, é evidente que o presidente da Xunta ten que volver das vacacións e ten que dar respostas aos galegos e ás galegas. Porque o auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia é gravísimo, é demoledor coa xestión que fai o Goberno do PP para a desescalada. Primeiro, porque o Goberno foi de vacacións sen nin tan sequera ir pedir a autorización xudicial. Tiveron que ser os xuíces os que lle deran un tirón de orellas e lle dixeran ao Goberno que nin tan sequera pediran autorización xudicial. E nun Estado de dereito saltar os dereitos e liberdades fundamentais sen autorización xudicial é algo que non podemos consentir.

E tiveron que ser os xuíces os que despois tombasen tamén a medida dun certificado covid como exixencia para a hostalería que os xuíces conclúen que nin é necesario nin é idóneo nin é eficaz. E é por iso que alguén ten que responder e explicarlles aos galegos e ás galegas

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

o que aconteceu e por que foi Galicia a única comunidade autónoma de toda España que estivo exixindo algo ilegal, algo fóra do marco legal. Así o di o propio auto do TSXG. Dio con moita claridade o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, con moita claridade. Foi a única comunidade autónoma na que se estivo exixindo o denominado «pasaporte covid». E di textualmente o Tribunal Superior que nin é idóneo nin necesario nin eficaz.

Foi unha medida que demonizou a hostalería —dino os xuíces, non o di este deputado nin este grupo parlamentario, dino os tribunais—. E din os tribunais que salta dereitos e liberdades fundamentais sen autorización xudicial cunha medida que non soluciona nada, que non mellora as cousas, que non ten base xurídica. E eu pídolle ao Goberno do Partido Popular de Galicia que o explique, porque queremos estar xuntos para loitar fronte ao virus pero dentro do Estado de dereito e respectando os dereitos e liberdades de todos e de todas.

E cando se restrinxen os aforos para a hostalería, cando despois se demoniza a hostalería, é necesario cambiar tamén o talante e a forma de facer as cousas. O Goberno do Partido Popular en Galicia ten que acordar coa hostalaría as medidas de desescalada, de reactivación, e facelo tamén cun paquete de axudas para darlle posibilidades se se lle reducen uns aforos, que eles interpretan como unha especie de chantaxe, despois de que os xuíces fosen os que vetasen unha decisión irregular e fóra do Estado de dereito.

E é por iso que cómpre que o Goberno do Partido Popular compareza e goberne. Cómpre que o presidente da Xunta compareza e goberne, que non cree problemas, que cree solucións, que non sexa parte de todos os conflitos senón que sexa parte dun acordo para fortalecer a reactivación na desescalada, e tamén para establecer as bases para o tempo que queremos ter por diante.

Hai que facelo ademais —sabémolo— cunha Consellería de Sanidade que está fallando nestas cuestións, que é a que o xestionou e que está fallando tamén noutra pata fundamental que ten que ir a carón das medidas necesarias para ter unha desescalada que fortaleza a reactivación, que é o fortalecemento da sanidade pública e o fortalecemento da atención primaria. Neste verán está aflorando en todas as bisbarras de Galicia, en cada provincia, en cada área sanitaria, que temos que mudar as políticas sanitarias que fai o Goberno do Partido Popular en Galicia; que iniciamos este curso político no mes de setembro cunha crise na atención primaria que ata o conselleiro de Sanidade tivo que recoñecer como preocupante. Vostedes, os do Partido Popular, están asumindo que as listas de espera en atención primaria son algo que poden existir de forma estrutural, de forma recorrente, que temos que habituarnos a ter que esperar ata vinte e seis días —como na área sanitaria de Carballo— para conseguir unha cita do médico de cabeceira, ou que en tantos concellos de Galicia teñen que acostumarse a estar sen pediatría durante todo o verán. E non pode ser.

Queremos tamén tenderlle a man para fortalecer a sanidade pública galega, entendendo que neste verán vostedes pecharon seiscentas camas hospitalarias, que non se cobren as baixas, que non se cobren as vacantes, que non se cobren as xubilacións. E hai que fortalecer esa sanidade pública galega, que é fundamental.

Nestes días o Consello de Contas —non este grupo parlamentario— facía público un informe sobre a situación da sanidade pública galega, fixo público o informe de fiscalización da Conta

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Xeral do Sergas, no que se conclúe como Galicia ten un investimento en sanidade que está por debaixo doutras moitas comunidades que teñen unha situación estrutural similar á galega, e no que se conclúe tamén como o modelo do Partido Popular en Galicia é un modelo de precariedade laboral e de temporalidade para os profesionais sanitarios. Porque di literalmente o Consello de Contas no seu informe de fiscalización que en Galicia investimos en sanidade 250 euros menos por habitante que o que se inviste en Asturias —que é unha comunidade autónoma que ten tamén unha poboación moi envellecida e moi dispersa—. Nese mesmo informe tamén nos di —o último ano do que o Consello de Contas fai os seus informes— que mentres a sanidade pública en Galicia ten un investimento per cápita moi por debaixo do que ocorre no País Vasco, en Asturias, en Navarra, en Estremadura, en Aragón, en Cantabria, en Castela e León, en Galicia, no último ano informado polo Consello de Contas o Goberno da Xunta incrementou nun 5 % o gasto en altos cargos e delegados, e nun 6 % o gasto en persoal eventual e de gabinete.

Ese non é o modelo que queremos para a reactivación. Estes son os datos do ano anterior á pandemia, e teñen que cambiar ese modelo de acción. Hai que priorizar os servizos públicos e investir en sanidade. Non pode ser que, se en Asturias poden investir 250 euros máis —que son moitos cartos a nivel global para unha poboación galega de 2.700.000 habitantes—, aquí esteamos na cola. E, polo tanto, é necesario que o presidente da Xunta de Galicia compareza e, sobre todo, que goberne.

Feijóo olvidouse dos galegos e das galegas, non comparece na Cámara, está fóra de xogo, está escondido e non merecemos este Goberno para a reactivación e para a sanidade pública. O Goberno da Xunta de Galicia foi de chapuza en chapuza e, o que é máis grave, foi de ilegalidade en ilegalidade, na ilegalidade recorrente freada polo Tribunal Constitucional e polo Tribunal Superior de Xustiza de Galicia. E o máis grave é que Feijóo non quere comparecer e soamente vai comparecer con Casado este domingo para defender o ideario retrógrado do PP en vez de comparecer na Cámara para dar conta do que nos preocupa aos galegos e ás galegas. É un presidente de autonomía que apostou por medidas limitativas dos dereitos fundamentais sen autorización xudicial, que primeiro olvidou pedilas e que logo o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia as tombou. Defendemos o Estado de dereito, porque é fundamental defender o Estado de dereito para unha reactivación con garantías legais, con garantías democráticas e para saír adiante, entre todos, con fortaleza.

Creo que hoxe o Partido Popular ten que recoñecer ante os galegos e as galegas o erro desas medidas declaradas ilegais polos tribunais. E ten que facelo tamén o presidente da Xunta de Galicia, porque Galicia merece un presidente que responda ante os galegos cando os tribunais o rectifican e lle tomba as medidas coas que quere facer a reactivación.

A Consellería de Sanidade está fallando. Está fallando coa atención primaria, coa pediatría, cos médicos de cabeceira. E eu quero pedirlles que rectifiquen esas políticas, porque, se non rectifican as políticas, terán que rectificar os responsables. E como temos por diante aínda moitos trimestres para sacar adiante o país, para loitar polos galegos e polas galegas fronte ao virus e pola reactivación...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

O señor CABALLERO MIGUEZ: ...eu sei que é o momento de buscar todas esas vías. E, dende logo, dende unha oposición clara a esas medidas ilegais declaradas polos xuíces pero tamén coa responsabilidade de tentar acertar no que quede da saída da pandemia, deséxolle todo o éxito a un Goberno da Xunta que ten que volver gobernar dentro do Estado de dereito e non á marxe da lei.

Moitas grazas, señoras e señores deputados.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Caballero.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Puy,

O señor PUY FRAGA: Moitas grazas, señor presidente.

Estamos hoxe convocados á segunda Deputación Permanente que hai no período non ordinario, ao que hai que xuntar un pleno extraordinario no que compareceu, por petición da oposición, o conselleiro de Sanidade; é dicir, unha actividade razoable para o que é o período non ordinario, comparable, ou a favor, respecto de calquera outro Parlamento; comezando polo Congreso, que, bueno, tivo a crise de Afganistán, que sobe o prezo da luz e Naturgy é comprada por un fondo voitre con sede nas illas Caimán, hai unha crise de devolución de menores a Ceuta que afecta os dereitos fundamentais, e que o Tribunal Constitucional declara inconstitucional o primeiro estado de alarma. E todo isto suscita que hoxe sexa a primeira Deputación Permanente que hai no Congreso. Eu creo que levamos aquí un ritmo de traballo bastante razoable que nos pon, como no período ordinario, á cabeza de todos os parlamentos.

Hoxe o tema que solicita o Bloque é unha comparecencia como consecuencia de que hai un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, feito público hai nada máis que cinco días e que anula unha orde que establecía que os aforos en interiores na hostalería podía incrementarse pola presentación á entrada dos locais dun certificado de inmunización —é dicir, por ter padecido a enfermidade, ter unha PCR negativa ou ter a vacinación completa—.

Ben, isto suscítanos tres reflexións. A primeira é que a nós esa medida non nos parece improvisada. Foi unha medida adoptada en consenso co propio sector e mais co propio Comité Clínico, que avalou esta medida. Ademais, estaba circunscrita a actividades concretas, a estar en interiores sen mascarilla, o propio da actividade de hostalería e non do comercio, por exemplo, onde a xente non saca a mascarilla. Estaba xustificada epidemioloxicamente porque estaba avalada por un informe do propio comité, que dicía que o 33 % dos contaxios desta onda se producen nos locais de hostalería. Era limitada no tempo e era transparente, porque estivo publicada no DOG. Por certo, levaba publicada no DOG varias semanas sen que a oposición dixera absolutamente nada ao respecto. Ademais —como digo—, é algo que están adoptando outros países, tan pouco demócratas e que deben ter tamén tendencias autoritarias como Francia, Suíza, Alemaña; ou comunidades autónomas como Canarias, que tamén a pediu, ou Baleares, que a segue exixindo para entrar na comunidade autónoma —non para entrar na hostalería, senón para poder desprazarse á comunidade autónoma—.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Nós cremos que non afectaría —e a Xunta, ademais, considerou que non afectaba— os dereitos fundamentais, porque levaba regulando o acceso á hostalaría, e mesmo pechando a hostalería, sen que iso se considerase que vulneraba os dereitos fundamentais. Pero o certo é que hai un xuízo por parte do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que a considera proporcional pero non que pase o xuízo de idoneidade, porque cre que en comparación con outras comunidades autónomas —sen facer comparativa das medidas que hai en cada comunidade autónoma— non é o suficientemente eficaz nin necesaria, pese a que, como digo, o 18 % dos brotes e o 33 % dos contaxios proveñen de actividades feitas en interiores de locais onde a xente consome ou bebe produtos de alimentación.

O que di tamén o Tribunal, e é importante recordalo —dino nas páxinas 3 e 4—, é que é moi discutible que esta sexa a súa función, que é unha función paraxurisdicional, «*que se nos impele a ejercer una función consultiva vinculante participando en el proceso de elaboración de una disposición general que contiene medidas de carácter político-sanitario, lo cual, según nuestro parecer*» —di o Tribunal— «*dista de encajar en el diseño constitucional de la tarea jurisdiccional*». Di que, «*no están ante un control* ex post, *sino que simplemente, insistimos, hay un encaje, mal que bien, en la tarea jurisdiccional*».

É dicir, o Tribunal Superior de Xustiza únese ás críticas do propio Tribunal Supremo, do Consello de Estado, de varios tribunais superiores de xustiza, non só o de Galicia, e recentemente de todas as organizacións de xuíces, con independencia da ideoloxía, que lle reprochan ao Goberno a súa inactividade por non ter lexislado —en contra do que pediu o noso partido no Congreso— de forma específica como regular as pandemias. O Executivo declinou a súa responsabilidade. «*Las normas sanitarias son ambiguas y permiten todo o nada al mismo tiempo*» —isto é o que din as asociacións de xuíces—.

Certamente, tamén no Tribunal se di que se demoniza a hostalería cando, en absoluto, o que se demoniza e se trata de cortar é a transmisión do virus, que é máis probable en lugares pechados, sen distancias e sen mascarillas, cousa que non ocorre, por exemplo, noutros lados, como é o propio comercio.

A hostalería hai que apoiala, hai que apoiala con medidas como as que adoptou a Xunta, coas que pediu 40.000 solicitudes aos 160 millóns destinados á hostalería —mentres que aos 230 que dá o Estado só hai 4.000, é dicir, a décima parte de peticións, porque teñen uns requisitos impostos polo Goberno de Madrid, particularmente o das débedas, que fan imposible que a hostalería poida recorrer a estas axudas—. Isto en relación, en primeiro lugar, coa medida en si.

En segundo lugar, están as consecuencias políticas. Nós levamos dicindo desde sempre que nun Estado de dereito —e máis como o autonómico español— os conflitos xurídicos se resolven nos tribunais, e imos sempre ter respecto polo que digan os tribunais. Non nos escoitará nin a nós nin ao Goberno dicir nada semellante ao que se dixo desde o Goberno central, ou desde o BNG, en relación, por exemplo, coa sentenza do Tribunal Constitucional, pois dicían que o estado de alarma era inconstitucional porque procedía o de excepción, que si ten control parlamentario máis intenso á diferenza do de alarma.

E ¿que temos escoitado estes días —porque é a primeira vez que lle tiran á Xunta unha proposta de intervención para minimizar o virus—? Pois falan de «chapuza xurídica», «goberno

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

superado», «goberno de chapuza»; mesmo «caradura» se lle chegou a chamar ao presidente da Xunta. O BNG fala de «chafalleiro», «improvisación», «arbitrariedade», «inútil», «ilegal», mesmo de «prevaricación»», e está a pedir responsabilidades e dimisións.

Eu pediría un pouco de proporcionalidade e de idoneidade nas peticións da oposición. ¿Onde está a señora Pontón, que pedía blindar Galicia, que non viñera ninguén de fóra, hai apenas nada? ¿Onde está a señora Pontón, que poñía como exemplo Nova Zelandia —que ten un confinamento total estes días cunha incidencia moito máis baixa que a de Galicia— e agora está dicindo que a xente poida entrar nos locais? ¿Onde está o apoio que ofrecía, pouco antes de ir de vacacións parlamentarias, o señor Caballero cando dicía que sempre apoiarían o que decidise o Comité Clínico, cando esta medida vén avalada polo Comité Clínico?

É a primeira vez que en Galicia pasa isto e levamos meses asistindo a desautorizacións xudiciais de medidas doutras comunidades autónomas, moitas delas gobernadas pola esquerda, polo Partido Socialista, ou polos nacionalistas —as últimas en Cataluña—. E, evidentemente, tamén en relación co *pass covid*, que o pediu Canarias, con goberno socialista —quero recordarllo ao señor Caballero—. E ¿que facemos con todos eles? ¿Que facemos co señor Marlaska, ao que a xustiza acaba de dicir que lle desautoriza as devolucións dos menores? ¿Que facemos co Goberno de España, que está desautorizado polo Tribunal Constitucional polo estado de alarma? ¿Que facemos co presidente do Goberno de España, que antes desta onda pandémica dixera que as mascarillas tiñan que deixar paso aos sorrisos?

¿Está sendo razoable a oposición cando pide dimisións porque un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia di que unha medida non é axeitada? Bueno, pois nós cremos que non é razoable o que está a pedir e que tampouco é proporcional co que está pasando no resto de España, nin, por suposto, congruente co que fan desde outras instancias nas que goberna.

A terceira cuestión —máis sanitaria— é que creo que o sistema sanitario galego, como o de toda España, está a vivir unha crise por falta de profesionais. Se ve vostede *El Comercio* do 15 de agosto, verá que en Oviedo e Gijón está cerrada unha de cada tres consultas de atención primaria. Este é o exemplo que nos acaba de poñer vostede. ¿Por que? Porque non hai médicos. Ese é o problema. Pero o conxunto da sanidade está funcionando razoablemente ben, e o mellor exemplo é a propia vacinación.

O outro día, antonte, 33.000 nenos de 12 e 13 anos foron vacinados nun só día. Hoxe van os de 14 e 15 anos. É un éxito. Somos o primeiro país do mundo en vacinación, e Galicia está á cabeza das comunidades autónomas do primeiro país grande do mundo que está vacinando. Vostede ao principio do proceso de vacinación dicía que non había persoal suficiente para poñer vacinas, que ía ser un desastre. Era vostede quen dicía que non ía ser a Xunta capaz de vacinar, e que as cifras que se dicían de xente que se ía vacinar ao día eran imposibles, que eran fantasías.

Ben, o Bloque segue pedindo un plan de choque de 200 millóns de euros. A realidade é que desde o ano 2009 incrementamos en máis de 700 millóns de euros os orzamentos da sanidade, que están traballando 6.000 profesionais máis que cando gobernaba a esquerda e que, certamente, comparar isto dos altos cargos desde un goberno que é o máis grande da demo-

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

cracia, o que ten máis asesores da democracia, e criticar a Xunta, que ten un gasto de 6 millóns de euros cando o Bipartito tiña hai doce anos 9 millóns de euros en asesores, pois non deixa de ser todo un pouco simpático, ¿non?, se non fose porque se di que se van arreglar cos 6 millóns de euros que gasta a Xunta en asesores todos os problemas da sanidade pública.

Nós estamos propoñendo medidas positivas, a Xunta está traballando no verán, está traballando en pedir a ampliación do MIR, en máis prazas de formación —que financia a Xunta pero ten que autorizar o Goberno de España—, en establecer a especialidade de urxencias para evitar que os médicos de familia pidan esa opción, en reorganizar o traballo de enfermería e do persoal de administración e servizos nos centros de saúde, e en eliminar as taxas de reposición, que son as que impiden a contratación fixa. En definitiva, en todo aquilo que está no Plan de reactivación que está a Xunta executando e no que vostedes pois tiveron a ben absterse ou non votar, ou votar en contra.

En definitiva, nós o que tomamos é a sanidade en serio, non tomamos a sanidade coma unha desculpa para non responder cando a un lle preguntan por líos orgánicos do seu partido. Un ten a impresión de que as descualificacións á Xunta crecen de intensidade conforme hai máis críticas internas, o cal pois non deixa de ser chamativo. Non utilizamos a sanidade como un permanente instrumento de desgaste da Xunta desde a demagoxia, porque os problemas son complexos e queren respostas racionais e acaídas á realidade.

Empezamos dentro dunha semana o novo período de sesións. Continuaremos a falar, ¿como non?, do que son as prioridades para o grupo maioritario —supoño que tamén para a oposición—, como a recuperación sanitaria e a recuperación social e económica. Galicia está indo razoablemente ben, comparada con todas as comunidades autónomas, igual que ten máis gasto que a media —que a vostede se lle olvidou dicir que o Tribunal de Contas di que Galicia está por riba da media de gasto sanitario por habitante nesa enumeración que vostede fixo—.

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor PUY FRAGA: Tamén está mellor na recuperación económica e non está tan mal na incidencia social. E continuaremos traballando para saír desta pandemia, desta crise. Confiamos en que a oposición, a diferenza do que fixo no primeiro ano, empece a ter unha crítica construtiva, a facer aportacións viables e a apoiar decisións como as que están permitindo, entre outras cousas, que Galicia siga á cabeza na vacinación —neste caso dos menores— de toda España.

Grazas, presidente.

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Puy.

Rolda de peche do grupo propoñente, señor Bará.

O señor BARÁ TORRES: Grazas, presidente.

Ben, en primeiro lugar, temos que lamentar a posición do grupo maioritario, do Grupo Popular, polo veto á comparecencia no Parlamento do señor Feixóo nun pleno extraordinario.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Está claro que ao Partido Popular lle molesta o debate, e o señor Feixóo vai seguir escondéndose sen dar a cara e non vai comparecer no Parlamento despois, en primeiro lugar, dunha situación sanitaria grave que segue manténdose con graves problemas no sistema sanitario público, e tamén por estes feitos tan graves que acabamos de describir e que tamén constatou con contundencia o auto, ou os autos, do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia —que non son de hai cinco días, que o primeiro é xa de hai trece días—.

Quero lembrar que esta petición de comparecencia era para cuestións absolutamente lóxicas e razoables, como dar explicacións por esta situación e tamén depurar responsabilidades por estes feitos; e tamén —como dixen— para debater propostas en positivo, propostas construtivas tanto no ámbito sanitario como no ámbito económico. E o portavoz do Partido Popular presume da actividade parlamentaria no Parlamento galego e critica a do Congreso. Será porque vostedes non pediron máis convocatorias de Deputacións Permanentes no Congreso dos Deputados. Pero, por certo, hoxe na Deputación Permanente vostedes piden a comparecencia de medio Goberno, ou de máis de medio Goberno. Alí si e aquí non. Esa é a vara de medir que ten o Partido Popular. ¡Perfecto, coherencia perfecta!

Claro, o que máis nos preocupa da intervención do Partido Popular é que segue erre que erre defendendo a oportunidade e a necesidade dunhas medidas que foron, mediante un auto do Tribunal Superior de Xustiza de Galiza, botadas abaixo; un auto absolutamente demoledor e contundente que fala de "demonización do sector da hostalería". Isto a nós parécenos discriminación con respecto a outros sectores, parécenos absolutamente grave. E fala de medidas ineficaces e non necesarias. Se lle parece pouco isto... Pero non, vostedes mantéñense defendendo iso.

Recoñecer os erros é o principio para corrixilos e para mellorar. E temos que constatar unha vez máis aquí que as medidas que se adoptaron despois do día 12 foron absolutamente disparatadas, delirantes, arbitrarias e improvisadas.

Dicían os do sector que os estaban sometendo ao baile de san Vito. Efectivamente, o día 12 aproban unha cousa, o 13 cambiábano, o 15 aprobaban outras medidas, o 16 volvíanas a cambiar. Dicían que había que tomar medidas restritivas e despois, que había que ampliar os aforos. É dicir, que é absolutamente disparatado, pero a vostedes dálles igual, non parece que haxa que falar de todo isto.

Nós si que consideramos que é necesario falar de todo isto, do que pasou ao longo destas semanas. Non se pode ocultar, non se pode silenciar, o señor Feixóo ten que dar a cara, ten que comparecer no Parlamento. Pero, ademais, como dixen, é necesario tamén mirar máis alá e analizar o que está pasando no ámbito sanitario e no ámbito económico. E no ámbito sanitario, por moito que vostedes sempre lles boten a culpa aos demais, ou intenten botarlles a culpa aos demais ou buscar escusas, a realidade é a realidade. A realidade é que o sistema sanitario público chegou ao 2020 exhausto como consecuencia dunha serie de decisións políticas —fundamentalmente de recortes e privatizacións— que fixeron que estivera nunha situación xa nese momento crítica, pero que se agravou ao longo de todos estes meses. E isto dío o Tribunal de Contas, e dío tamén o CES nun informe, no que lles din que hai que fortalecer e que hai que incrementar o gasto sanitario —e sobre todo en atención primaria—, que é o que estamos dicindo nós. É dicir, que coincidimos co diagnóstico, coas propostas que fai o Consello Económico e Social, e vostedes non se dan por aludidos.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

Pero é que, ademais, hai un clamor social que está reclamando iso en todo o país. ¿Non o ven tampouco? É a cidadanía galega a que se está mobilizando e reclamando iso, e o Colexio de Médicos tamén. O propio conselleiro veu recoñecer —porque non había outra— que había esa situación problemática e de dificultades en atención primaria. E nós propoñemos medidas para corrixir esa situación, un plan de choque para a atención primaria. ¿Non lle parece lóxico e razoable debater sobre isto? ¿Por que vetan ese debate?

E despois, no ámbito económico, tamén pensamos que hai que falar das consecuencias demoledoras que tiveron no ámbito da hostalería todas estas medidas que aprobou a Xunta de Galiza. E hai que crear unha mesa de diálogo plural, na que estean todas as partes. Non pode haber vetos, non pode haber exclusións, como está facendo a Xunta de Galiza. E hai que ter medidas claras, medidas estables, medidas previsibles, medidas avaladas tamén técnica e cientificamente. E aí ten que entrar un plan...,

O señor PRESIDENTE: Remate, por favor.

O señor BARÁ TORRES: ...como dicimos, de indemnizacións e de compensacións para o sector.

Vostedes non queren falar disto, vostedes vetan o debate, vostedes evitan que o señor Feixóo compareza no Parlamento. Pero o BNG vai seguir dando este debate e vai seguir exixindo esa comparecencia. E no novo período de sesións vai converter estes temas no centro do debate neste Parlamento, por moito que vostedes queiran ocultalo, por moito que vostedes queiran vetalo e silencialo.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

O señor PRESIDENTE: Grazas, señor Bará.

Rematado o debate, procedemos á votación do documento presentado polas deputadas e deputados do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego no que solicitan a convocatoria dun pleno urxente.

Votamos.

Votación da solicitude das deputadas e deputados do G. P. do Bloque Nacionalista Galego para que se proceda á convocatoria dun pleno extraordinario que inclúa na orde do día a comparecencia do presidente da Xunta de Galicia para informar sobre os autos do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia que invalidan a orde da Xunta de Galicia que obriga á presentación dos certificados covid para acceder aos establecementos de hostalaría.

Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 10; votos en contra, 13.

O resultado da votación é negativo.
En consecuencia, queda rexeitada esta solicitude.

O señor PRESIDENTE: Non temos máis temas. Polo tanto, boa tarde a todos e a todas.

Remata a sesión ás doce e corenta e seis minutos do mediodía.

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

RELACIÓN DE DEPUTADAS E DEPUTADOS PROCLAMADOS ELECTOS POR ORDE ALFABÉTICA

1. Aira Díaz, María del Carmen (BNG)
2. Álvarez Martínez, Luis Manuel (S)
3. Amigo Díaz, María Encarnación (P)
4. Arangüena Fernández, Pablo (S)
5. Arias Rodríguez, Raquel (P)
6. Armada Pérez, José Antonio (P)
7. Balseiro Orol, José Manuel (P)
8. Bará Torres, Xosé Luís (BNG)
9. Caballero Miguez, Gonzalo (S)
10. Calvo Pouso, Diego (P)
11. Candia López, María Elena (P)
12. Carballo Páez, Ramón (P)
13. Carreira Pazos, Iria (BNG)
14. Castro García, Daniel (BNG)
15. Castro Rey, Paloma (S)
16. Conde López, Francisco José (P)
17. Díaz Mouteira, María Sol (P)
18. Díaz Varela, Noa Susana (S)
19. Egerique Mosquera, Teresa (P)
20. Fernández Alfonzo, Ramón (BNG)
21. Fernández Gómez, Alexandra (BNG)
22. Ferro Iglesias, José Luis (P)
23. Francisco Rivera, Juan Carlos (S)
24. Gallego Sanromán, María Leticia (S)
25. García Martínez, Fabiola (P)
26. García Vidal, Ana Belén (P)
27. González Albert, María (BNG)
28. González Iglesias, María do Carme (BNG)
29. González Vázquez, José (P)
30. Lourenzo Sobral, Manuel Antonio (BNG)
31. Lorenzo Gómez, Rubén (P)
32. Martínez García, Valeriano (P)
33. Murillo Solís, María Guadalupe (P)
34. Nóvoa Iglesias, Marta (P)
35. Núñez Feijóo, Alberto (P)
36. Ortega Otero, Marina (S)
37. Otero Lago, Noelia (S)
38. Otero Rodríguez, Patricia (S)
39. Pazos Couñago, José Alberto (P)
40. Pérez Fernández, Rosana (BNG)
41. Pérez López, Daniel (BNG)
42. Pérez López, Noelia (P)
43. Pomar Tojo, Carmen María (P)
44. Pontón Mondelo, Ana (BNG)
45. Porro Martínez, María Corina (P)
46. Prado Cores, María Montserrat (BNG)
47. Prado del Río, Paula (P)
48. Presas Bergantiños, Noa (BNG)
49. Puy Fraga, Pedro (P)
50. Queixas Zas, Mercedes (BNG)
51. Quintana Carballo, Rosa María (P)
52. Rey Varela, José Manuel (P)
53. Ríos Santomé, Paulo (BNG)
54. Rivas Cruz, Xosé Luís (BNG)
55. Rodeiro Tato, Ovidio (P)
56. Rodil Fernández, Olalla (BNG)
57. Rodríguez Carrera, María Felisa (P)
58. Rodríguez Dacosta, María del Carmen (S)
59. Rodríguez González, Román (P)
60. Rodríguez-Vispo Rodríguez, Marta María (P)
61. Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña (S)
62. Rueda Valenzuela, Alfonso (P)
63. Santalices Vieira, Miguel Ángel (P)
64. Santos Costa, Manuel (P)
65. Sanz Arias, Cristina (P)
66. Seco García, Martín (S)
67. Suárez Sarmiento, María Elena (P)
68. Tabarés Pérez-Piñeiro, Iago (BNG)
69. Tellado Filgueira, Miguel Ángel (P)
70. Torrado Quintela, Julio (S)
71. Vázquez Domínguez, Sandra (P)
72. Vázquez Mejuto, María Ángeles (P)
73. Vázquez Mourelle, Ethel María (P)
74. Vega Pérez, Daniel (P)
75. Verea Fraiz, Borja (P)

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación: https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

CSV: BOPGDSPG-gnXibGMPX-7
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/